

A opinión de que a arte da puntuación é unha **minucia** inútil e exasperantemente **anódina** que só serve para torturar a protagonistas de **pesadelos kafkianos** está moi xeneralizada. Non hai dúbida de que neste país a escola comparte ese **veredicto**: a proba é que consagra horas e horas a ensinarlles ao alumnado a comparativamente sinxela ortografía e apenas dedica tempo a ensinarlles a puntuar un texto, en parte (é de supoñer) porque os mesmos mestres non saben puntualo e ninguén se molestou en mostrarlles a importancia desa operación. A importancia, **porén**, é grande, pola sinxela razón de que a miúdo a puntuación dunha frase é o seu sentido: puntuala dun xeito ou doutro equivale a darlle un ou outro sentido. Así de simple. Así de transcendental. Contan que ao emperador Carlos V lle deron a **asinar** unha sentenza de morte que recollía: *“Perdón imposible, que cumpra a súa condena”*. O emperador leu a sentenza e, vítima dun súbito acceso de **magnanimidade**, antes de asinala corrixiuna: *“Perdón, imposible que cumpra a súa condena”*. O movemento dunha coma salvou a vida dun home. Outro exemplo **aducido** para mostrar a importancia da puntuación é a anécdota que relata o xornalista Luján en La Vanguardia a propósito das **devastacións** da Revolución Francesa: “Nunha zona de La Vendée tan só, o 40 % da poboación foi asasinada e o 52% da riqueza destruíuse”. Non obstante, o xornal publicou “Nunha zona de La Vendée, tan só o 40 % da poboación foi asasinada e o 52% da riqueza destruíuse”. O desprazamento accidental dunha coma provocou que Luján pasara de ser un home compasivo que lamenta a destrución pola violencia a ser un sádico que lamenta que a violencia non fose maior.

Minucias, dirán vostedes. Non digo que non. Pero a tendencia humana a interesarse por minucias conduciu a grandes cousas. Padecemos a **teima** incorrrible de non pesar máis ca en grandes asuntos, pero grandes acontecementos da humanidade debémoslles a chiflados que **se dedicaron a fixarse en minucias tales coma unha mazá caendo dunha árbore**.

Javier Cercas, Suplemento El País, traducido e adaptado.

1. Fai un resumo do texto.
2. Explica que queren dicir as oracións sinaladas en negra
3. Define os termos subliñados. Podes comprobar o significado no dicionario. Fíxate que sexa a acepción que aparece no texto.
4. Enumera as ideas principais e as secundarias.
5. Redacción: di a túa opinión acerca do exposto no texto.